



BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE 1 BOLSA DE COLABORACIÓN PARA TÉCNICOS/AS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DA ESTRADA

Primeira. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a concesión de 1 bolsa de colaboración, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de labores propias dunha oficina de información ao turista, con destino na oficina de información turística do Concello da Estrada e/ou instalación itinerante, por un período de 4 meses.

Adxudicarase a bolsa a persoa aspirante que obteña unha maior puntuación no proceso de selección, e aquelas que non fosen adxudicatarias, quedarán en fase de reserva, por orde de puntuación, para posteriores chamamentos:

- No caso de renuncia dalgún bolseiro/a.
- Non aceptación da prórroga por parte dun beneficiario/a.
- Cando por razóns do servizo fose necesario unha nova adxudicación.

Segunda. Condicións de admisión das persoas aspirantes

Poderán ser beneficiarios desta bolsa aquelas persoas físicas que tendo capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obtención de axudas e subvencións públicas, reúnen os seguintes requirimentos:

- a) Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países membros da Unión Europea.
- b) Estar en posesión do título de grao ou diplomatura en Turismo ou equivalente homologado, Técnico/a superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente ou Técnico/a en Empresas e Actividades Turísticas.
- c) Non ter rematados os seus estudos con data anterior ao 1 de xaneiro de 2009.
- d) Non padecer ningunha enfermidade nin limitación física ou psíquica que imposibilite o cumprimento das súas obrigas como bolseiro.
- e) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.


Terceira.- Dotación económica

Esta bolsa figura cunha dotación económica de 1.200,00 €/mes importe bruto.

O pagamento da bolsa ao beneficiario/a realizarase a partir da data de incorporación do bolseiro/a, por mensualidades completas ou por fracción proporcional ao tempo traballado dende o inicio da mesma, ou en todo caso, da data de renuncia voluntaria do bolseiro/a.

Cuarta. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao alcalde do Concello da Estrada. A instancia conterá, polo menos,





os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria. A solicitude deberá vir acompañada por orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:


- 1) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou calquera outro que o substitúa.
- 2) Documento acreditativo do certificado ou titulación esixida ou de estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo para presentar as solicitudes.
- 3) Certificado do expediente académico no que conste a nota media, calculada segundo o sistema establecido no R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, para a súa valoración na fase de concurso.
- 4) Currículum vitae e documentación acreditativa deste.
- 5) Certificado de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social actualizado, con data igual ou posterior ao día da publicación desta convocatoria (entregar todas as páxinas).
- 6) Acreditación de cursos ou ciclos de especialización.
- 7) Declaración xurada comprometéndose o solicitante a renunciar, se fora seleccionado, a calquera tipo de actividade remunerada durante o tempo de disfrute da bolsa.
- 8) Certificado/Informe médico ou declaración xurada que acredite non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constituía o obxecto desta bolsa.
- 9) Tarxeta sanitaria da Seguridade Social.

No Rexistro Xeral do Concello da Estrada así como na páxina web <http://www.aestrada.gal/> facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria en dous diarios de gran difusión da comarca. Deberá publicarse tamén na páxina web municipal.

2. A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello da Estrada ou e en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso, aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da solicitude mediante unha mensaxe de fax (986570836) ou de correo electrónico (persoal@aestrada.es) e durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase do mesmo xeito no caso de presentar a solicitude noutra administración pública.
3. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

En canto a presentación de solicitudes, ademais do recollido no apartado primeiro desta cláusula, os solicitantes estarán o disposto no artigo 23, apartados 3. 4 e 5 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en todo aquilo que lle sexa de aplicación.





Quinta. Admisión de aspirantes

4. Unha vez rematado o prazo dos 10 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, publicarase a listaxe de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal. No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.
5. No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de 2 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

Sexta.- Comisión de Selección

Para poder valorar os méritos achegados polos interesados constituirase unha Comisión de Selección, que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: D. Ramón Brea Villaverde (Enxeñeiro Técnico Agrícola do Concello da Estrada)

Suplente: D Ramiro Goldar Soto (Arquitecto Técnico do Concello da Estrada)

Secretario, que actuarán con voz, pero sen voto:

Titular: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas (Administrativo do Concello da Estrada).

Suplente: Dna. Mónica Cardona Constenla (Auxiliar Administrativo do Concello da Estrada)

Vogais:

Titular: Dna. Carmen Gómez Otero (Interventora do Concello da Estrada).

Suplente: D. Rogelio A. Carrera Ares (Técnico de Administración Xeral do Servizo Xurídico de urbanismo do Concello da Estrada).

Titular: Dna. Mónica Neira Mato (Arquitecta do Concello da Estrada


Suplente: D. Rosa Montero Vecino (Directora da Gardería Municipal)

Titular: D. Javier Comesaña Pereira (Director do Conservatorio Municipal de Música)

Suplente: D. Julio Fontaíña Couso (Xefe do órgano de Xestión Económica e Orzamentaria do Concello de Ourense).

Titular: Dna. Rita Rivas de la Iglesia (Economista do Concello da Estrada)

Suplente: Dna. Manuela D. Corral Martínez (Traballadora Social do Concello da Estrada).





Sétima. Selección dos/as bolseiros/as

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases. A primeira, de concurso e valoración da documentación presentada polos aspirantes admitidos e a segunda, dunha proba tipo test.

a) Fase de méritos:

1. Ata un máximo de 4,00 puntos:

Matrícula de honra: 4 puntos.

Sobresaínte (9,0 – 10): 3 puntos.

Notable (7,0 – 8,9): 2 puntos.

Aprobado (5,0 – 6,9) : 1 punto.

No caso de expedientes académicos nos que non conste a nota media, calculada polo R. d. 1125/2003 valorarase con 0,00 puntos.

2. Por ter máster universitario, ou doutoramento relacionado co contido da bolsa, 0,50 porcada un ata un máximo de 2 puntos.

3. Cursos de formación: neste apartado computarase a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, comunidade autónoma e Administración local, universidades, colexios profesionais ou escolas de Administración pública, directamente relacionados coas bolsa que se convoca.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas, nin os cursos de formación de duración inferior a 5 horas.

A valoración destes será a seguinte, ata un máximo de 2 puntos:

De 10 ou máis créditos/ 100 horas ou máis	0,25 puntos
De 6 a 9 créditos/ de 60 a 99 horas	0,20 puntos
De 3 a 5 créditos/ de 30 a 59 horas	0,15 puntos
De 1 a 2 créditos/ de 15 a 29 horas	0,10 puntos
De 5 a 14 horas	0,05 puntos

4. Coñecemento de idiomas estranxeiros – ata un máximo de 2,50 puntos e serán computables un máximo de dous idiomas, a razón de un máximo de 1,25 puntos por cada idioma.

No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos.

No caso de que os cursos de idiomas sexan dunha Escola Oficial o baremo será o seguinte:

Nivel básico	Nivel medio	Nivel avanzado
0,75 puntos	1 punto	1,25 puntos





5. Coñecemento acreditado do idioma galego – ata un máximo de 0,50 puntos (no caso de ter varios cursos terase en conta só o de maior puntuación):

Curso de iniciación ou Celga 3	0,25 puntos
Curso de perfeccionamento ou Celga 4	0,50 puntos

Unha vez valorados os méritos pola Comisión, a lista de aspirantes admitidos xunto coas valoracións definitivas correspondentes aos méritos será publicada no taboleiro de anuncios do Concello da Estrada e na web municipal <http://www.aestrada.gal/>, polo menos dous día hábiles antes da realización do examen tipo test.

b) Proba Tipo Test

De carácter eliminatorio, consistirá en contestar por escrito un test de 25 preguntas, con 4 respostas alternativas, sobre os recursos turísticos do Concello da Estrada. Valorarase de 0 a 10 puntos, necesitándose cinco 5 puntos para aprobar. Esta proba realizase nun tempo máximo de 30 minutos.

Oitava. Cualificación final e publicación dos resultados

A cualificación final estará determinada pola suma das cualificacións obtidas polas persoas aspirantes na fase de concurso e xunto coa puntuación obtida no exame tipo test. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.


Unha vez determinada a cualificación final das persoas aspirantes, a comisión fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal, podendo en calquera momento convocar aos solicitantes para aclaracións que teñan relación coa documentación presentada en referencia ao seu currículum.

No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no exame tipo test. Se isto non fora suficiente, e de persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

O Sr. Alcalde-Presidente do Concello da Estrada, á vista da proposta da Comisión Seleccionadora, adjudicará a bolsa ao aspirante que obteña a maior puntuación no proceso de selección, e aqueles solicitantes que non fosen adjudicatarios, quedarán en fase de reserva, por orde de puntuación, para posteriores chamamentos.


Novena. Condicións Xerais.

- A bolsa terá unha duración máxima de 4 meses a contar desde a data de incorporación do bolseiro/a.
- A bolsa será incompatible co desempeño de calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a natureza desta última.
- O beneficiario/a da bolsa comprometerase a observar o horario de traballo e a disciplina que lle fixe o Concello da Estrada.





- d) A aceptación e goce de dita bolsa non establece ningunha relación laboral nin funcional co Concello da Estrada, non implicando en consecuencia ningún compromiso ou vinculación posterior de dito bolseiro/a a este Concello.
- e) O bolseiro/a terá que aceptar por escrito as normas e obrigas establecidas nas bases reguladoras desta convocatoria.
- f) O bolseiro/a xustificará documentalmente o cumprimento de todos os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.
- g) O bolseiro/a deberá desenvolver a actividade obxecto de colaboración cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos e informes que determine o Sr. Alcalde ou Concelleiro/a correspondente.
- h) O bolseiro/a presentará no Concello da Estrada, como máximo 15 días antes da finalización da bolsa, unha memoria explicativa das labores realizadas, quedando supeditado o abono da última mensuralidade á presentación da mesma.
- i) Ademais das obrigas mencionadas nos apartados anteriores, estará suxeito aos deberes que, con carácter xeral, se establecen no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións. Así mesmo estará o bolseiro/a obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola Administración.
- j) En caso de renuncia dalgún/ha bolseiro, ésta deberá ser comunicada por escrito cunha antelación mínima de 15 días.
- k) O pagamento do importe da bolsa realizarase por mensuralidades vencidas. As cantidades correspondentes estarán suxeitas ás retencións que procedan, de conformidade co previsto no R. d. 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como na orde TMS/83/2019, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social para o ano 2019.





Décima. Interpretación das Bases

As dúbidas que puideran xurdir durante a fase de concurso e da vixencia da bolsa serán resoltas pola Comisión de Selección, previos informes do Secretario e Interventor do Concello, de ser preceptivos.

Décimo primeira.- Réxime xurídico


A convocatoria da bolsa e a selección do bolseiro/a, así como a realización dos traballos que dan dereito á mesma, suxeitarase ao previsto nas presentes Bases e ademais se estará ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais lexislación aplicable.

A Estrada, 23 de abril de 2019

O ALCALDE

José C. López Campos

Asinado dixitalmente á marxe





SOLICITUDE DE ADMISIÓN NA CONVOCATORIA DE 1 BOLSA DE COLABORACIÓN DE TÉCNICOS/AS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DA

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

Enderezo para os efectos de notificación:

Lugar/rúa:		Núm.:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:			
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:			

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a do anuncio da convocatoria pública de 1 Bolsa de colaboración para Técnicos/as de información turística con destino na oficina de información turística do oncello da Estrada e/ou instalación itinerante.

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por isto, **SOLICITO:**

Que se me admita para participar na devandita convocatoria.

ANEXOS:

- Fotocopia do documento nacional de identidade.
- Título requirido
- Certificado do expediente académico
- Currículum vitae e documentación acreditativa.
- Certificado da vida laboral.
- Acreditación de cursos ou ciclos de especialización
- Declaración xurada de compromiso de renuncia.
- Certificado/Informe médico ou Declaración xurada
- Tarxeta da Seguridade Social.

A Estrada ____ de _____ de 2019

(sinatura da persoa solicitante)